

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

O PADRE SARMIENTO: UN SOÑADOR PARA UN POBO

VITORINO PÉREZ PRIETO

Outra volta, as Letras Galegas botan man dun clérigo para homenaxealo no seu día e agradecer o seu labor a prol da lingua e a cultura galega. Non é de estrañar, pois non son escasos na historia da cultura galega, tal como deixei reflectido no meu libro *Galegos e cristiáns* (1995). Tampouco non é a primeira ocasión en que acontece tal cousa; anteriormente tamén protagonizaron o Día das Letras o bispo poeta Manuel Lago González (1973) e o coéngo, historiador e escritor Antonio López Ferreiro (1978). Pero outros moitos homenaxeados foron crentes confesos e mesmo cristiáns dunha gran talla: Cabanillas, Losada Diéguez, Cuevillas, Risco, Otero Pezdray, Noriega Varela, Ferro Couselo, Blanco Torres... ou o último, Eladio Rodríguez. Sen esquecer o cristianismo angustiado de Rosalía, ou o cristianismo rebelde, pero non menos honesto, de Curros, Castela, Celso Emilio Ferreiro e outros.

Tomo o título deste artigo dun recente programa de "Radio Unión Catalunya", coordinado polo xornalista Manolo Piñeiro con guiño de Camilo Fernández Valdehorras, profesor da Universidade de Barcelona. Un programa ao que fun invitado a participar xunto con outros coñecidos intelectuais galegos como Xesús Ferro Ruibal, Ramón Mariño Paz, Antón Santamarina, Henrique Monteagudo e Xosé Ramón Barreiro.

O papel do beneditino galego P. Sarmiento (1695-1772) inscribese na Ilustración galega, ao pé do seu mestre e irmán na orden, o P. Feijóo (1676-1764), que acadou moita máis relevancia na súa época sobre todo polos seus escritos, cousa á que sempre foi remiso Sarmiento; sen esquecer os seus contemporáneos o P. Sobreira (1745-1805) e o Cura de Fruíme. Este cura de aldea, Diego Antonio Zernadas de Castro (1698-1777), tamén defendeu arduamente a aldraxada lingua e cultura galega cun berro de protesta a través de versos prosaicos, pero apaixonados, bariles e populares, que cumpriron á perfección a súa función apoloxética; Fernández del Riego chega a calificarlo como "a primeira figura galego do s. XVIII".

Logo da fecundidade do Século de Ouro, a Igrexa inicia unha

decadencia, que se advirte clarísimamente na baixa formación do seu clero, cousa da que ten dado boa mostra o historiador X.R. Barreiro: "Aínda no 1804, en plena reforma dos estudos eclesiásticos nos Seminarios de Galicia, o Bispo de Tui escribía ó Consello de Castela solicitando axuda para construír un Seminario. Recoñecía que os que se presentaban a examinarse para recibir ordenes maiores contentábanse con sabelo doutrina cristiá polo Catecismo de Astete coma os labregos e artesáns..." (*A Igrexa Galega no tempo do P. Sarmiento*. Actas do Congreso "Sarmiento e o seu tempo". U.S.C. 1997). Pero foi o beneditino Xerónimo Feijóo o que comezou aquí, no século XVIII, a difusión do pensamento ilustrado, importado sobre todo de Francia, que se foi estendendo pouco a pouco na primeira metade do novo século.

Por outra banda, as dúas fallas meirandes da Igrexa da Contrarreforma en Galiza foron posiblemente, como apuntou moi ben Francisco Carballo, a progresiva separación entre o clero e a sociedade, acentuada polo nomeamento de bispos e superiores relixiosos foráneos, e unha pedagogía sen incidencia na inculturación, de aí a escasa interiorización deste cristianismo (F. Carballo, *A Igrexa Galega*, 1995). Este prescindir do esforzo de inculturar a fe na lingua e a cultura galega foi precisamente un dos máis duros ataques de Sarmiento contra a Igrexa galega e un dos seus meirandes compromisos.

O P. Sarmiento foi un monxe bieito, sempre fiel á espiritualidade beneditina segundo o lema de San Benito: "Ora e traballa". Frei Martín cumpriu escrupulosamente toda a súa vida coa oración e co traballo, que realizou sobre todo no estudio e na predicación. Era un monxe erudito; como é sabido, o seu estudio levouno aos temas relixiosos, pero tamén á Historia Natural e a Botánica —na liña da tradicional sabeloría beneditina—, á Filoloxía e o Folclore, Historia e Xeografía, Matemática, Crítica, etc. escribindo miles de páxinas. Os seus coñecemento estaban sempre ao día e daban puntos de vista novos.

Pero a súa información non a buscou Martín Sarmiento só nos libros, senón tamén, como di o



XESUS CAMPOS

profesor Xosé Luís Pensado: "é filla directa do pobo... Por iso, quen lea os seus escritos notará esa tendencia a escoitar as denuncias contra a Administración e as súas continuadas estafas e redactalas con frases gráficas e populares. Por iso notará esa inmensa serie de nenos infelices, de pobres desvalidos, de xentes miserables que asoman formando corpo e alma coa vida e obra de Sarmiento... que preferiu o silencio á mentira, reservando as súas verdades para os amigos e para a posteridade" (*Fray Martín Sarmiento testigo de su siglo*. Discurso na apertura do Curso Académico 1972-73 na U. P. de Salamanca).

Non é de estrañar que un ano despois da súa morte algún escribira: "Todos o veneraban, non soamente coma sabio, senón coma sabio cristián. A humildade resplandecía nas súas palabras e nas súas obras" (en López Peláez, *El gran Gallego. Tradiciones y Personajes de Galicia*, 1986).

Como teño escrito no meu li-

"Galicia llora y llorará siempre. No los gallegos, sino los no gallegos, que inundaron el Reino de Galicia... para cargar con los más pingües empleos, así eclesiásticos como civiles; esos han sido los que por no saber la lengua gallega, han introducido la monstruosidad de escribir en castellano, para los que no saben sino el gallego puro" (P. Sarmiento)

bro *Galegos e cristiáns*, no P. Sarmiento foron sempre parellos a súa fe relixiosa e o amor á ciencia, xunto co amor á Galiza e á súa lingua. A Galiza vituperada asoma sempre dolorosamente ás súas páxinas, preocupado por remediar a súa miseria e denunciar os seus abusos. Filgueira Valverde ten escrito que as forzas que se conxugan para mover a asombrosa vitalidade de Sarmiento son: "Un ideal relixioso sincero e fondo; o *servicio a Galicia*, a súa identidade e as súas xentes; e o *amor á verdade* con afán de transmitila (*Fray Martín Sarmiento*, 1994).

A fidelidade a esta triple aposta, levou a Sarmiento a queixarse amargamente da actuación da súa Igrexa en Galiza; sobre todo no sentido de que os galegofalantes recibían un trato por parte desa Igrexa con menos consideración que os indíxenas de América, porque mentres a aqueles lles mandaban misioneiros que tiñan que saber a lingua na que fan evanxelizarse, aos galegos mandábanos un clero de calquera rexión española sen se preocupar de se entendían a lingua das súas ovelas, que non comprendían o que eles lles predicaban. Por iso, propuxo a edición de textos en galego e a creación de cátedras para o seu ensino (o seu *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega*, impreso polo arcebispo Lago González en 1923). De Sarmiento son estas coñecidas palabras:

"Galicia llora y llorará siempre. No los gallegos, sino los no gallegos, que inundaron el Reino de Galicia... para cargar con los más pingües empleos, así eclesiásticos como civiles; esos han sido los que por no saber la lengua gallega, ni por cargar de palabra ni por escrito, han introducido la monstruosidad de escribir en castellano, para los que no saben sino el gallego puro. Esta monstruosidad es más visible en los empleos eclesiásticos... ¿Que es el coloquio de un penitente rústico y gallego con un confesor no gallego, sino un diálogo de sordos? Son innumerables los chistes vergonzosos que se cuentan de esa inicu tolerancia..."

O labor lexicográfico do P. Sarmiento foi continuado por outro frade beneditino, o P. Sobreira, que deixou inédito un importante material cos títulos *Idea de un Diccionario de la Lengua Gallega* e as *Papeletas de un Diccionario Gallego*. Estes ilustrados frades galegos supoñen unha radical discordancia entre unha elite castellanizada que afogaba as súas voces.

Desgraciadamente, a Igrexa galega, con honrosas excepcións, aínda non deu aprendido esta lección do P. Sarmiento varios séculos despois. Vaile sendo hora de facelo, antes de que sexa demasiado tarde. ♦

1
O Padre Sarmiento: un soñador para un pobo
VITORINO PÉREZ PRIETO

2
Cela e a liberdade de expresión
FRANCISCO RÓDRIGUEZ

3
O apagón da cultura galega nos medios de comunicación
CARLOS L. BERNARDEZ

4
Alberte García Ferreiro, escritor esquecido
DELFIN CASEIRO NOGUEIRAS

6-7
O uso propagandístico dos termos terrorismo e islam
ALAN BADIROU

8
Réplica a J.M. Brohm. Deporte, perspectivas dun concepto moderno
XURRO GONZÁLEZ LEDO

Cela e a liberdade de expresión

FRANCISCO RODRÍGUEZ

Pasou o balbordo agresivo contra o necesario exercicio da liberdade de expresión, que debe caracterizar a unha sociedade democrática, a respecto da vida e obra de Camilo José Cela. É o momento de desvendar o que subxaz nalgunhas das reaccións, tan virulentas como aldraxantes, contra os que discrepamos do coro haxiográfico abafante que, na Galiza, acompañou o enterro do escritor. Deixemos a parte a quen, con talante tan pouco democrático como visceralidade irracional, chamou esquizofrénico a quen subscree por non coincidir co panexírico oficial. Lindezas así desqualifican a quen as enuncia, por moita protección mediática de que goce. Por certo, de saber o que é a esquizofrenia na súa dimensión social, vería-se reflectido como nun espello.

Cela non se consideraba un escritor da literatura galega, senón da literatura española. É unha obviedade de tal natureza que até se reconece nos planos de estudo oficiais e, alén do máis, na propia concepción da literatura galega que sustenta a colección que *La Voz de Galicia* está a ofertar ao público lector. A que vén levar a contraría ao propio escritor e a toda a tradición científica, filolóxica, sociolóxica e cultural que sostén a adscrición dun ou outro escritor a unha ou outra literatura? Sen dúbida ao intento de confundir e mistificar. O servizo a unha causa ideolóxica obriga á falla de rigor intelectual. Non existe unha cultura galega definida e específica nen dialécticas histórico-sociais con espazos simbólico-culturais diferenciados para estes mistificadores. A categoría cultural galega é, como moito, unha categoría menor, que se aproveita oportunamente cando convén. Por exemplo, á hora da lexitimación como galega dunha práctica lingüística, cultural e literaria que non foi reconecida como tal nen polo propio finado.

Que a lingua propia de Galiza é o galego non é unha invención de mentes identitarias fanatizadas. É unha consideración plasmada no Estatuto de Autonomía de Galiza que foi elaborado, entre outros, polos correligionarios políticos da es-

‘Cela non se consideraba un escritor da literatura galega, senón da española. É unha obviedade tal que até se reconece nos planos de estudo ou na colección sobre literatura galega de ‘La Voz de Galicia’”



CAIROS SIVAR

pañolización. Non se poden negar evidencias como que a sociedade galega criou este idioma, e non outro. Tampouco se pode negar que na Galiza se fale español. Mais si hai que afirmar sen ambigüidades que a súa introdución se fixo através dun proceso de dependencia e integración na monarquía castelá primeiro e no Estado centralista español despois. Os españoalfalantes na Galiza non se produciron por xeración espontánea. Son o produto histórico dun proceso conflictivo, nada democrático e cheo de consecuencias para a personalidade colectiva e individual dos galegos e galegas.

Desde logo, Valle Inclán, Julio Camba e Torrente Ballester viviron o conflito conscientemente e optaron tamén con consciencia —pero non sen dúbidas, desacougos e ambigüidades— pola lingua e cultura españolas. Verdade é que a súa obra é inexplicable en termos en conta a súa atitude *contradictoria*, no senso máis científico do termo. A Pardo Bazán rexeitou frontalmente a lingua e cultura nacionais, como atrasadas, incapaces

de progreso. Utilizou, iso si, Galiza como materia literaria. Non hai máis que lé-la para ollar que a súa visión representa unha Galiza selvaxe e non apta para evolucionar desde si. A única saída está na españolización. Cela tamén é un produto desta dialéctica conflictiva entre a existencia de Galiza, e a súa cultura, e as posibilidades de integración nunha práctica cultural española. Despregou un casticismo español en versión século XX. Acabou por aparecer Galiza en versión espectral tan superficial como banalizadora. Os mistificadores e confusionistas debían tomar-se a moléstia de analizar e interpretar as expresións literarias en lingua galega e/ou española, antes de sentenar con descalificacións contra os que si nos tomamos a serio todas as opcións que fan os fillos e fillas de Galiza no terreo cultural. Por certo, estou entre os poucos que se ten achegado sen preconceitos á obra en galego e en español de Rosalía, Curros e Blanco Amor, eles mesmos en conflito, pero con esforzo consciente por contribuír a conformar unha litera-

tura nacional galega moderna, dentro do elo dunha tradición histórica especificamente galega.

Ensoñación é eliminar os problemas onde si os hai. Como é ensoñación, e non precisamente idílica, tentar eliminar, reprimindo-as, manifestacións que expresan as contradicións nas que vivemos. Por certo: non lles parece contradictorio fuxir do país propio con toda consciencia, non querer saber nada del na maior parte da vida, desprestixiá-lo mesmo, e lembrar-se só da súa existencia para ser soterrado no terriño na súa concepción máis localista? Seguramente resulta moi galego. O que non impede facer un xuízo sobre o sentido da vida e das obras dos personaxes públicos con esta traxectoria. No caso de Cela, un galego ‘a la española’. Permita-se-me tal expresión. Non é produto do meu fanatismo nacionalista. Era a denominación que usaba a prensa oficial na Galiza na transición entre o século XIX e XX para aludir, en ton positivo e panexirista, aos galegos que trunfaban na España (Madrid). Por exemplo, dona Emilia Pardo Bazán.

Xa se ve que seguimos na liña oficial da Restauración, pero con máis afán de confundir e con máis saña contra o discrepante. Hai que respetar o que unha persoa, neste caso un escritor, foi en vida, con ostentación e alevosía. Fixo unha opción libre. Libre debe ser tamén o xuízo sobre o seu significado. Por que tanto interese en atribuír-lle e impor-lle a Galiza, como paradigma superior, un comportamento que non a tivo nen como causa nen como referencia central? Será que este é o modelo a seguir, o que se nos propón como hipnotización colectiva? Permita-se-nos afirmar que hai outros modelos, que merecen moita máis atención e unha avaliación máis positiva. Os panexiristas españolizadores están no seu dereito a tomar como exemplo humano e político e como paradigma superior da cultura a un home e unha obra como Cela. Permita-se-nos a nós exercer o noso dereito a ter un outro criterio. ♦

Maio
en presente
en futuro.
en galego

Programa

- Exposición *F. Martín Sarmento*, Casa do Cultura, do 6 a 17 de maio
- Exposición *“Senares en Marín, senares en Ribadouro”*, do 15 de maio ao 18 de maio na casa do Concello
- As *linguas Aleixán*: “As linguas aleixánicas de Península Ibérica e arredores”, do 16 a 18 de maio no Centro Galego de Cultura, Teófilo 20 (Ribadouro)
- ¿*Quem é o galego político?* Debate, xogo, actividades de reflexión, programa de intervencións organizadas para a súa cidade, do 16 a 17 de maio das 8 a 11 de noite
- Seminarios do Correlativo* sobre o uso do Folio de Correlativo, martes en galiza, en lingua galega, do 16 de maio
- Conceito de Mercado* (serie de debates, sobre arte e mercado)

AGORA, MASA... CONA IDENTIDADE

O apagón da cultura galega nos medios de comunicación

CARLOS L. BERNÁRDEZ

A problemática actual da relación entre os medios de comunicación e a cultura galega hai que ligala intimamente á orixe e desenvolvemento da nosa cultura nun contexto non normalizado e cun escaso apoio ideolóxico e práctico entre os sectores tradicionalmente dominantes da sociedade galega, entre os que sempre houbo unha actitude reticente cara a todo o que tivese que ver coa lingua galega ou con calquera proxecto que tentase dignificar a nosa identidade diferenciada.

Historicamente a debilidade do galeguismo, a pesar dos indubidables logros culturais, fai que as propostas de rexeneración cultural e avance normalizador teñan unha escasa permeabilidade no conxunto da sociedade e en especial entre os sectores dominantes, gañados para un nacionalismo español fortemente encastelado neste ámbito desde o século XIX. Valla un exemplo histórico. Hai pouco máis de un século, un dos integrantes da "Cova Céltica" pondaliana, Galo Salinas, respondía na *Revista Galega*, a unha interpelación de escritores cataláns que lle comentaban, sorprendidos, o escaso uso da lingua galega nunha revista rexionalista como a súa:

¿Hablar gallego? ¿Pero qué me dice usted, Sr. Nicolau? ¿Escribir en gallego?... Bien se ve que usted no nos conoce; los que tenemos todo el valor de hacerlo somos el hazme reir de los castellanos de Galicia, de los sabios, de los patriotas... de España...

Estas palabras deixan ben claro o punto de partida da nosa cultura moderna, que a pesar do grande camiño percorrido, non deixa aínda de toparse cos "castellanos de Galicia", cos "sabios", os "intelectuales da vila" aos que se refería Castelar nunha das súas *Cousas*, e tamén co novo "patriotismo constitucional".

Pasando da reflexión histórica de carácter xenérico á realidade do día a día, podemos constatar que nos medios públicos é escasa a presenza de contidos culturais propios e, sobre todo, a estimación dos mesmos hai que encadrarla na escala de valores que os sectores dominantes no ámbito político teñen, e que estimulan, amparan e xustifican actitudes de claro autoodio respecto de calquera actividade creativa producida no noso país, especialmente se se realiza en lingua galega, se non vén precedida pola certificación dos medios de comunicación dominantes que teñen como sede Madrid. Así os nosos escritores fican sen face nin voz e son como moito espectros do pasado que como a estadea ou a Santa Compaña tornan á terra o Día das Letras Galegas, e que logo do momento do 17 de maio voltan á

cova para non saíren nunca máis.

Nos medios privados este problema agudízase ao estaren en mans de sectores empresariais formados nos mesmos parámetros mentais, entre os que o castelán non só é dominante senón que na práctica son elementos que manteñen actitudes máis reticentes cara a calquera intento de normalización lingüística. Pénsese no tema da publicidade e a lingua. Mentres hai cada vez un número crecente de cidadáns que ve con bos ollos a maior presenza do galego na publicidade, os que poden plasmar este desexo en algo concreto segue firmes en posición francamente contrarias. Vemos pois como o problema da lingua é o problema central da transmisión e espallamento da nosa cultura.

A pesar desta situación contamos cun importante e dinámico sector da poboación que aposta por unha alternativa dignificadora, que se identifica cos valores propios da nosa nación. Nesta altura o reto para a cultura galega, e para os que defenden a súa plena normalización e desenvolvemento, radica en crear nos plataformas de información e influencia que poidan romper con esta inercia. É este é un reto político, cultural e económico e precisa dunha plasmación urxente se non queremos perder a oportunidade de implicar no noso proxecto rexeneracionista, que debe pretender o asentamento da identidade, desenvolvemento cultural e lingüístico, modernización e a ampliación do autogoberno, a amplos sectores sociais ata hoxe non comprometidos con este proxecto, e en especial ás novas xeracións. Os escritores galegos nun manifesto dado a coñecer o 12 de maio de 2000 pola Asociación de Escritores en Lingua Galega facíanse eco deste estado de cousas cando afirmaban:

"Os medios de comunicación, con moi poucas e contadas excepcións, non contribúen, no plano informativo, ao espallamento da nosa realidade literaria. O mundo dos nosos libros ten moi pouca cabida nos espazos profesionais da comunicación. Resulta doloroso e entra dentro da categoría do escándalo comprobar, por exemplo, como na Televisión de Galicia, a televisión pública, non existe un só programa que contemple a literatura galega e os seus libros como materia de tratamento central, como exposición do que existe".

De perpetuarse o modelo sociocultural dominante é evidente que seremos arrastrados aínda máis á marxinalidade. Unha marxinalidade que xa se pode percibir, e que se nos atemos aos tipos de práctica cultural existentes hoxe en día no noso país, xa aparece



ARES

como un horizonte ameazador.

Na actualidade en Galicia, simplificando moito hai tres tipos básicos de potenciais consumidores de cultura, e emprego esta terminoloxía porque cada vez o peso do mercado é un factor máis poderoso en toda a nosa vida, e incide de maneira dramática nos procesos culturais. En conxunto configura un panorama ben lonxe dos parámetros dunha cultura normalizada.

O primeiro grupo estaría constituído por un segmento absolutamente residual, que é esa cultura popular divinizada como esencia dun pasado que está en proceso de extinción, e que na práctica está a ser substituída por outra cultura, mellor aculturación, que é a da Televisión de Galicia. Graficamente sería unha síntese simbiótica de Hipermercado e *Luar*, cunha boa dose de festas gastronómicas (astro-nómicas, -falta a da avestruz-). Esta é a cultura dun tanto por cento moi grande da sociedade galega e é evidente que a este segmento non chegan as mensaxes que pretendemos emitir, coas que non se pode conectar desde unha suposta alta cultura, pero coas que tampouco non se pode enlazar desde unha invocación das esenciais tradicionais porque xa está en plena mudanza, nunha transformación tan radical que é un proceso de substitución cultural (obsérvase a situación da lingua entre estes sectores). O éxito de receitas como o programa *Luar* é definitivo desta realidade e a súa rendibilidade política está á altura

‘A pesar desta situación contamos cun importante e dinámico sector da poboación que aposta por unha alternativa dignificadora’

das Deputacións, as Mulleres Rurais ou as excursións do IM-SERVO a Benidorm.

Un segundo grupo sería o que conforma unha cultura española dominante, que recolle sectores da sociedade galega que teñen un nivel cultural medio superior a esa cultura de *Luar*. Trátase dunha cultura de consumo español; é dicir, é un grupo que consume produtos culturais ofrecidos case en exclusiva desde sectores da cultura centralista no Estado Español e se se achega a algunha creación galega, e en especial en galego, sexa teatro, literatura, etc., faino de rebote, é dicir, como efecto reflexo das críticas da prensa madrileña, que como a penas se ocupa deste produtos fai que a súa presenza neste sectores sexa ben exigua. As actitudes deste modelo de comportamento son as dominantes na nosa prensa, nas que se pode asistir á rodaxe de *El lápiz del carpintero*, saber que existe unha novela galega cando é traducida ao castelán pero case nunca cando se edita na súa lingua orixinal, asistir a clubes culturais onde calquera escritor español presenta as súas novidades e nos que como moito os galegos exercen de presentadores, actores secundarios (*Clube Faro*). Tamén entran dentro destas actitudes as actuacións localistas de empresas como *La Voz de Galicia*, grazias ás que calquera lector sabe cal foi o último libro presentado no Círculo de Belas Artes de Madrid, pero se vive en Santiago ignora que é o que se presentou na Coruña. Mais este comportamento esténdese a outros moitos ámbitos como o da distribución cinematográfica no que, o xa triste panorama de presenza da nosa lingua, é aínda empeorado por empresas que impiden que as poucas producións galegas poidan ser vistas no noso idioma, por exemplo en Vigo non se puido ver en galego nin *O bosque animado*, nin *Belas durmientes*, a pesar da existencia de versións no noso idioma.

En terceiro lugar teríamos un sector minoritario da sociedade galega identificado coa súa cultura nacional, unha evidente minoría pero que debe ter un protagonismo maior, funcionar de maneira imaxinativa e dinámica, utilizar os seus recursos políticos, culturais e económico para posibilitar unha alternativa cultural, que se debería plasmar nun grupo de comunicación galego. Pero tamén é un sector que debe facer un esforzo para gañar terreo, crear canles de información alternativas, aunar esforzos para poder proxeccionarse mellor sobre o conxunto da sociedade.

Estes elementos quizais en exceso esquemáticos queren servir como simple punto de partida para unha reflexión. Son tamén síntomas dunha realidade, da desconexión entre camadas sociais e culturais que existen en todas as sociedades, pero que no noso caso adquiren un carácter singular e especialmente complexo e que supón un reto para o desenvolvemento da nosa cultura. ♦

No centenario

Alberte García Ferreiro, escritor esquecido

da súa morte

DELFIN CASEIRO NOGUEIRAS

Alberte García Ferreiro nace en Ourense en 1860 –unha placa na casa natal, na Barreira, é a única lembranza física–, cida- de en que morará durante boa parte da súa curta existencia. Tras realizar a carreira de Dereito na Universidade compostelá, dedícase á avogacía na cidade das Burgas e gaña axiña sona de excelso e competente orador. Compaxina a profesión xurídica con unha intensa actividade xomalista e con unha significativa produción literaria. Funda e dirixe diversas publicacións como *La Semana* ou *La Defensa de Galicia*; colabora en xornais, especialmente en *O Tío Marcos da Portela*. Participa activamente na vida política e vai ser nomeado delegado da Asemblea Central e designado responsábel de organizar a sección ourensá da Asociación Regionalista Galega, fundada no 1890, o sector máis galeguista e progresista do Rexionalismo. Valedor de Concepción Arenal, será un dos promotores do monumento erixido en Ourense.

O poeta vive en Ourense –un dos centros máis dinamizadores da cultura galega do XIX– un tempo de entusiasmo político-social e de efervescencia do movemento a favor da normalización lingüística e literaria e comparte protagonismo con destacados protagonistas como o insigne poeta Curros Enríquez, o infatigábel xomalista e escritor Lamas Carvajal e o cualificado lingüista Saco y Arce. Será o xornal *El Heraldillo Gallego* de Lamas Carvajal a publicación que máis se signifique na defensa e promoción da lingua. As súas conviccións de librepensador rebelde, ás veces mordaz, case sempre irónico ou sarcástico, provocaron varios procesos xudiciais. Morre no 1902 en Compostela, onde reside os últimos anos recluído na vida familiar, sen máis noticias da súa persoa.

OBRA LITERARIA

Escritor precoz, publica con apenas 19 anos a obra dramática *Luchar por la patria*, anuncio do seu espírito combativo e patriótico, que se representa no Teatro Principal de Santiago. Un ano despois, ve a luz o poemario *Gritos del alma*, que combina a produción poética de asunto patriótico e intimista. Escribe aínda en español o *Discurso sobre Garcilaso de la Vega y sus obras*, que fora pronunciado na Universidade Literaria de Santiago.

Mais, o que o fixo merecente de perdurar na historia da literatura foi a creación poética de expresión galega, de considerábel extensión para a época, publicada nun breve espazo temporal: *Volvoretas* (1887), *Chorimas* (1890), *Leenda de gloria* (1891) e *Follas de papel* (1892); todas por volta do 1888, “annus mirabilis” das nosas letras.



Non faría ningunha publicación máis, aínda que na última folla de *Chorimas*, editada na Biblioteca Galega que dirixía o erudito Andrés Martínez Salazar, se dá a noticia de un libro “próximo a publicarse”, *A xornada de Sampedro* (cadro histórico en verso), ao que tamén fai alusión en nota a pé de páxina (“Proemio d’un cadro histórico prósimo a publicarse”) na composición “Foi obra d’o istinto, non foi a cruzada” incluída na obra citada. O mesmo apuntamento fala de outros dous libros en preparación: *Escumas* e *Follas aldeanas*. O segundo ben podería ser *Follas de papel*, editado en Madrid.

FORTUNA DA SÚA OBRA

‘A pesar do seu valor, ao longo de todo o século XX, a súa obra non coñeceu ningunha reedición, nin foi obxecto de estudio específico e rigoroso’

Dores Vilavedra (*Historia da literatura galega*, 113) advirte que hai que considerar o contexto cultural da etapa rexurdimentista: “Isto explica as diferentes lecturas de a produción dun mesmo escritor suscitada daquela e suxire hoxe, así como o aparentemente sorprendente protagonismo que no sistema literario finisecular tiveron certos escritores arestora relegados a un plano secundario.” A advertencia acaille perfectamente ao noso autor.

Pola súa parte, Carme Hermda (*Os precursores da normalización. Defensa e reivindicación da lingua galega no Rexurdimento*, 1992: 160) salienta a excelente acollida que tivo *Volvoretas*, que foi obxecto de reseñas máis ou menos positivas en oito publicacións. A mesma obra foi a primeira que recibiu o apoio institucional das Deputacións de Pontevedra, Lugo e A Coruña ao acordaren adquirir varios exemplares no 1888.

Ricardo Carballo Calero (*Historia da literatura galega contemporánea*, 1975) xa sinala que a figura de García Ferreiro foi obxecto de atención nos diversos tratados de historia da literatura da época, mesmo naqueles que dedican escasas páxinas á literatura galega e, en valoración persoal, significa a valía de *Leenda de gloria*: “A versificación é robusta, o ton grandilocuente, non gongorino, como querría Pedreira, senón máis ben victorhuguesco, máis romántico que barroco no atrevimento da imaxe” (Carballo Calero, 448).

Ao longo do século XX, a obra do poeta ourensán non coñece ningunha reedición nin é obxecto de estudio específico e rigoroso. Apenas cinco ou seis poemas son incluídos en obras antolóxicas e a súa obra ten distinta sorte nos tratados e dicionarios literarios. O poema épico-legendario *Leenda de gloria* é estudado no *Diccionario da literatura galega* (Dores Vilavedra, coord.), volume III, dedicado ás obras literarias.

ACHEGAMENTO Á SÚA OBRA

Leenda de gloria

O poema conseguiu o primeiro premio no certame convocado polo Liceo Brigantino da Coruña no 1890. Considerada a máis orixinal e valiosa creación do autor, é unha das poucas mostras de literatura épica galega. A composición, que Méndez Ferrín insire na Escola Formalista de fin de século inaugurada por Pondal, consta de 47 oitavas reais e canta a defensa heroica que os coruñeses e coruñesas, con María Pita convertida en valente heroína, fan da cidade ante o ataque traizoero da armada inglesa mandada polo célebre almirante Francis Drake e o seu comandante Norris no ano 1589 e que se prolongou durante seis angustiosos días. A crítica ten advertido na obra ecos de Víctor Hugo, de Luís de Camoes e de Eduardo Pondal.

O poema, de estrutura narrativa complexa, é tamén un alegato contra a guerra, a barbarie, o fanatismo, a traizón e a ignorancia. E devén un canto a Galiza e ao valor dos seus homes e mulleres, entre os que sobresaí unha que se fai símbolo de patriotismo, imaxe do pobo que defende a liberdade fronte ao tirano.

Boa mostra da forza expresiva que chega a atinxir o autor son estes dous versos da estrofa IV, en que invoca a inspiración e a “arbre da historia”:

“¡Pra t’apreixar, apouvi-
gand’o vento,
aguas quixera ter n-o pensa-
mento!”

Volvoretas, Chorimas e Follas de papel

Os poemarios líricos son representativos da diversidade temática, das preocupacións, ideais e liñas de pensamento da época. As composicións envólvense en lenzos de humor, ironía, sarcasmo, simbolismo... O simbolismo está xa nos mesmos títulos: “bolboreta”, termo cargado de eufonía, trainos imaxes de delicadeza e fermosura, mais, sobre todo, a de un ser á procura da luz; a “chorima”, humilde flor do toxo, é símbolo da Galiza mísera e montañosa. Os vocábulos “luz” e “sol” cárganse de enerxía liberadora e gratificante –progreso, ilustración, democracia, ...– e contrapóñense a “noite” e “escuridade”, referentes da miseria, a opresión, o obscurantismo... O cacique, un dos causantes dos males do país xunto co centralismo, é “dragón, tigre e cobra”.

No prólogo de *Chorimas*, García Ferreiro maniféstase contrario á poesía “folclorista”; esta debe ser, en coherencia coa súa ideoloxía, combativa, social, crítica, liberadora... O contributo do poeta á creación dunha nova sociedade. O seu talento liberal, progresista, democrático e solidario, de home culto e sensíbel, aflora constantemente; con estas palabras cerra o prólogo: “...y-eiquí, n-as nosas montañas, encovados en madi-
gheiras de lobos, miles e miles d’
hirmaus agardan a que lles dé n-o
rostro un rayo d’o sol d’o medio-
día.” (*Chorimas*, XX).

Nos seus poemas resoan ecos dos grandes creadores galegos –Rosalía, Curros, Pondal, Lamas–, do francés Víctor Hugo, dos portugueses Antero de

Quental e Guerra Junqueiro.

Desde o punto de vista formal, a súa obra lírica agrupa longuísimos romances –o máis extenso é “Camino de Monforte”, con 782 versos– e breves e suxestivas composicións sen título –epigramas de 4, 5 ou 6 versos–, con predominio do verso de arte menor.

As liñas temáticas dominantes nos poemarios son:

A POESÍA COSTUMISTA-REALISTA: vén a ser a crónica poética daquel tempo; non exenta de crítica e ironía, con boas doses de humorismo, presenta a vida rural e urbana (tipos populares, costumes, modas, acontecementos,...) Poemas de sabor popular, que prestan especial atención á vida campesiña, coas súas manifestacións e as súas calamidades. “Dend’ a vila” ou “N-a feira” son composicións representativas destes asuntos.

POESÍA CÍVICO-PATRIÓTICA: é a que obtén mellor valoración por parte dos seus coetáneos. A sátira social é dura e elocuente, cargada de sarcasmo, e ataca frontalmente a falsidade, a inxustiza, a opresión, a corrupción, a mentira, o fanatismo, a superstición... “Veo andar as virtudes pol-as calles” é unha feroz diatriba contra a sociedade corrupta e sen valores morais. Políticos fanchosos e baleiros reciben durísimos ataques. Os poemas “Camiza”, “Ti, mártir e servo” ou “Ergueuse co-a aurora” falan das vítimas máis inocentes do sistema, os campeñiños, abandonados por todos, con dura censura aos culpábeis das inxustizas sociais. A emigración, asunto dos poemas “Carta d’o fillo” e “Carta d’o pai”, resulta cruel e dramática alternativa para os que marchan e para os que ficán.

O autor non evita o radicalismo nin os pronunciamentos; na peza “Consello d’amigo” fala con lume:

“Eiquí hay que vocalo todo
sin lle dar descanso á mau,
non co-as agullas de xastre
q’o rexionalismo traí,
j’c’o picaraño de ferro
que forxou un catalán!”

(*Chorimas*)


O sentimento patriótico, que impregna toda a súa obra, aparece con especial intensidade en “Á bandeira literaria”, exaltación do batallón literario compostelán ou en “¡Mentem!”

O anticlericalismo, sentimento moi enraizado ao longo do século, cristaliza en poemas como “Hay un culto máis grande qu’eses cultos”, no cal avoga por unha relixión máis humanizada, sen fanatismo nin obscurantismo.

POESÍA INTIMISTA: trainos, en breves e condensadas creacións, os sentimentos íntimos do autor: amor e desamor, desasosego, dúbida, decepción, pesimismo, desengano, melancolía, ...O autor bebe en fontes profundas, de auga limpa: Rosalía de Castro, Antero de Quental... E hai aínda a queixa contra o esquecemento, contra o silencio; queixa pola ingratitud de Galiza cos seus fillos máis xenerosos e distinguidos (Curros, Rosalía, Aguirre, Losada, ...).

Alberte García Ferreiro e a súa obra ben merecen un sitio na memoria e unha maior presenza nos espazos culturais galegos. ♦

Martin Sarmiento
PONTEVEDRA 2002 ANOS SARMIENTO



ANOS SARMIENTO
2002



CONCELLO DE PONTEVEDRA

O uso propagandístico dos termos *terrorismo* e *islam*


ALAIN BADIOU

Terrorismo? Nun principio, un "terrorista" é o que lexítima e practica o Terror. É unha designación obxectiva, que só resulta infamante para os adversarios políticos. Deste xeito os grandes Xacobins do Comité de Saúde Pública, durante a Revolución francesa, chámanse "terroristas" sen ningún complexo. Poñen oficialmente o Terror "á orde do día". Designan con iso unha indivisión provisoria completa, xustificada por circunstancias excepcionais (a guerra externa e a civil) do poder político e do poder xudicial, o uso represivo de procedementos expeditivos e sen apelación, o recurso moi estendido á pena de morte. O Terror pénsase explicitamente como necesidade contínxente (Robespierre era coñecido pola súa oposición categórica, de principio, á pena de morte) alí onde a "virtude" política —quer dicir a convención republicana— é aínda moi débil para asegurar ela soa a victoria sobre a enorme coalición dos contra-revolucionarios nacionais e estranxeiros. Como o vai formular Saint Just: "Que é o que queren eses que nin queren a virtude nin o terror?" Os termodorianos deron a resposta: querían a fin da revolución, o reino da corrupción, o sufraxio dos acomodados só.

É curioso que, devagar, a palabra "terrorismo", que definía claramente unha figura particular do exercicio do poder de Estado, chega a significar exactamente o contrario. Moito tempo despois, de certo, "terrorista" é a palabra pola que os Estados definen todo adversario violento, e/ou armado, precisamente en razón do seu carácter non estatal. Este foi o caso dos terroristas rusos de Narodnaia e Volla, á fin do século pasado; de todos aqueles da tradición anarquista, incluídos, en Francia, a "banda de Bonnot"; o caso de Chen, o personaxe de *La Condition humaine*, quen xa encarna a decisión do atentado-suicida, e a quen, sen xustificalo politicamente, Malraux outórgalle unha terrible grandeza. A palabra acaba á fin -e é entón cando colle a súa acepción negativa- por designar, desde a perspectiva dos dominadores, a todos aqueles que se comprometen, cos medios cos que contan, coa loita contra unha orde xulgada inaceptábel. "Terroristas", os resistentes antinazis para Petain e os seus; "terroristas" os patriotas alxerianos do FLN para os gobernos franceses sin excepción entre 1954 y 1962, e tamén os combatentes palestinos para o Estado de Israel, o mesmo que os Chechenos para Putin e a súa pandilla. "Terrorista" á fin, para Bush e para a súa opinión patriótica servil, a nebulosa, polo demáis moi opaca, de aqueles que se apropian das vidas e dos bens americanos.

Cumpre dicilo: No tocantes á súa evolución semántica, "terrorista" é hoxe un termo intrinsecamente propagandista. Non hai ningunha lexibilidade neutra. Anula todo exame razonado das situacións políticas, das súas causas e das súas consecuencias.

De feito, é un termo que se convertiu en algo esencialmente



‘A palabra “terrorismo”, que definía claramente unha figura do poder de Estado, chegou a significar exactamente o contrario.

formal. "Terrorista" non designa unha orientación política, ou unha posibilidade desta ou daquela situación, senón, exclusivamente, a forma da acción. E isto segundo tres criterios. Para a opinión dominante e aqueles que tentan a conformar, é "terrorista" en primeiro lugar unha acción espectacular non estatal, que salienta a existencia —realidade ou mitoloxía— de redes clandestinas. En segundo lugar, unha acción violenta, que procura matar ou destruír. Por último, unha acción que non fai distinción entre civís e combatentes.

Este formalismo tende a mao ao formalismo moral de Kant. É a razón pola que unha especialista en "filosofía moral", como Monique Canto, tivo a ben declarar que a condeza absoluta das accións "terroristas", e a aprobación simétrica de represalias, incluídas as de Sharon en Palestina, podía e debía preceder todo examen da situación, e abstraerse de toda consideración política concreta. Tratándose de terrorismo, explicou esta Dama de ferro de novo tipo, explicar, xa é

justificar. O que convén é castigar decontado e sen máis examen. "Terrorista" define en diante unha acción como figura formal do Mal. Polo demáis é deste xeito que Bush, desde o comezo, concibiu o desprezo da vinganza: o Ben (nos feitos, terrorismo de Estado sobre as vilas de campesinos e antigas cidades da Asia central) contra o Mal (terrorismo non estatal sobre os "buildings" occidentais).

É neste punto, no que toda racionalidade corre o risco de afundirse diante da enormidade da evidencia propagandista, que cumpre ter coidado cos detalles. E en particular examinar os efectos da cadea nominal inducida polo paso do adxectivo "terrorista", que cualifica formalmente as accións, ao sustantivo "terrorismo" ou "o terrorismo". É nefeito o momento no que, insidiosamente, a forma vólvese sustancia. E onde se fan posibeis un efecto de suxeito (frente ao "terrorismo", hai un "nós" que se vinga), un efecto de alteridade (este terrorismo é o Outro da civilización, o bárbaro "islámico") e á fin un efecto de perio-

dización (comézase a longa "guerra contra o terrorismo").

Resulta evidente que "o terrorismo" é unha sustancia inexistente, un nome vacío. Mais este vacío é precioso, porque se pode encher. E en primeiro lugar, como sempre (como no caso de "o Boche" ou de "o Xudeu") por aquilo que se supón que lle fai frente. ("o Francés" ou "o Ario"). Nesta circunstancia concreta: frente ao terrorismo, hai un "nós" que se defende. Digamos que ademais de América, -nome que é suficiente para o patriotismo imperial americano, a nome de ningunha maneira para a coalición antiterrorista, a non ser que "sexamos todos americanos", algo que mesmo os antiterroristas convencidos rechinan de ter que o declarar-, encóntranse, neste "nós" que se enfrenta á fera, tres nomes: un nome perigoso mais forte, "Occidente"; un nome neutro, "as nosas sociedades"; un nome lexitimador, "as democracias".

Respecto ao primeiro destes nomes, é lamentábel ter que constatar que a filosofía se com-

prometeu con el desde hai moito tempo, con *Le Declin de l'Occident*, best-seller de Spengler á fin do século XIX, ou mesmo nos nosos días co "fin da metafísica occidental." Incluso na oposición do Occidente (cristiano? xudeu?) ao "terrorismo islámico", escoitase resoar esta apropiación "occidental" do pensamento, que non é máis que a marca intelectual de catro séculos de imperialismo. Polo demáis, lembremolle á xuventude que, durante decenios, o uso político da palabra "Occidente" estaba confinada na extrema dereita racista, até o punto de ser o nome dun dos seus grupúsculos máis violentos. Parécenos que a letanía de atrocidades coloniais no mundo enteiro, o selvaxismo das matanzas mundiais, as guerras de liberación nacional en Asia, no Medio Oriente e en África, as revoltas armadas en América Latina, o valor universal da revolución china, a esterilidade febril do mundo no que vivimos, é suficiente para que aqueles que queren que se opoñan os "valores" de Occidente ao "terrorismo" tiren diso a conclusión de que "terrorismo" é por certo unha palabra oca.

Cando se fala de "as nosas sociedades", e que se declare que "o terrorismo" quixo "bourar nelas no medio do corazón" ou "desestabilizalas", estarase de acordo -ben se quera aínda dicir "Occidente", mais de maneira púdica, ben se refira a un paradigma material, a un certo estado de riqueza obxectiva en que non ten por si mesmo ningún valor para o filósofo, e non po-

dería fundar ningunha solidariedade consistente. Se este non é o caso, porque o crime de New York afectaría as "nosas sociedades", mentres que non o fai de ningún xeito os millóns de mortos da sida en África ou os desastres xenocidas en Rwanda? As "nosas sociedades", que designa de maneira lixeiramente obscena o benestar completamente relativo dos grupos humanos (minoritarios) mellor acomodados do planeta, apenas constitúe un argumento presentábel para a suposta substancia do "terrorismo". Mesmo se Monique Cantot, de novo ela, estima superiormente filosófico, e indispensable na situación concreta, lembrar que ser moi rico non é unha falta moral. Ponto que non lle concederemos, en oposición ao seu celo formalista, a non ser despois dun examen polo miúdo e concreto das orixes da riqueza. Xa que podería darse o caso de que toda riqueza realmente considerábel estexa hoxe completamente mesturada, e necesariamente, con crimes indubitábeis.

Fica o nome propagandista fundamental: o que está no punto de mira do "terrorismo", son as democracias, tendo no seu corazón esa democracia exemplar que é, sabémolo todos, os Estados Unidos de América. Como calquera dos patriotas dalí vos pode dicir, "we are a free country", e é isto o que os fanáticos sauditas quereron mutilar. En resumo, a fórmula de *consenso* é: "o terrorismo contra a democracia". En medio da esmagadora maioría dos nosos contempo-

râneos, quero dicir: aquí, neste país "democrático" fatigado que é Francia, o espazo de inscrición política do crime de masa de New York está formulado nesa frase. É esta a que neutraliza as reaccións, e concita o apoio xeral, aínda que un pouco queixumeiro, que se lle outorga á guerra dos americanos. Á fin é admitido que en todo caso as democracias, en vista da súa excelencia, se o "terrorismo" as ataca, teñen o dereito de vingarse. Fica por saber contra que exercer estas lexítimas represalias.

O "terrorismo": *substancia e predicados*. Nós introducimos aquí un enunciado filosófico preciso: toda substancialización dun adxectivo formal demanda un predicado dominante. Se se pasa do adxectivo "terrorista", que cualifica unha acción pola súa forma, ao "terrorismo", que é un substantivo vacío, non se pode pretender "encher" ese vacío polo seu oponente (o Occidente, a Democracia, etc.). Cumpre tamén dotalo dun predicado (exactamente igual que en última instancia, cara 1914, o Boche é bestial, ou -contrariamente ao reflexivo e cartesiano francés- librado a escuras forzas instintivas, mentres que o Xudeu, cara 1933, ten que ser cosmopolita e abstracto -contrariamente ao Ario, ligado á terra e ao sangue). Hoxe, o suposto soporte substancial do que se chama "terrorismo" non ten máis que recibir o predicado de "islámico".

Que valor ten este predicado en verdade? Poderíase ficar satisfeito con dicir que xa está corrompido

‘En Palestina, todo o mundo sabe que o desenvolvemento de Hamas foi considerado ao comezo algo excelente polos servizos secretos israelitas, contra a hexemonía de Al-Fatah cuxa consigna era unha Palestina laica e democrática.

pola súa función, a cal procura darlle un semblante de aspecto histórico ao "terrorismo". Tomado en si mesmo, redúcese á constatación de que hai unha instrumentalización política da relixión, unha vella historia "occidental" tamén: non son de hoxe as alianzas retortas entre o sable e o hisope. A interferencia da relixión e de todo tipo de procesos políticos, comprendidos os moi violentos, non é en todo caso unha particularidade do Islam. Debemos suñar que no tempo -por exemplo en Polonia- en que a relixión (esta vez, o catolicismo) xogaba un grande rol na resistencia aos Estados comunistas, as "democracias" se felicitaban diso.

No caso concreto, o de Ben Laden -se non obstante é que se trata del, algo que até hoxe ningún consiguíu probar-, sábese de maneira certa que o ponto de partida é un conxunto de manobras dunha extraordinaria complexidade arredor do maná petrolero de Arabia Saudita, e que o personaxe é en suma un americano moi bo: un a quen o que lle importa é a riqueza e o poder, e que ten pouca consideración respecto aos medios. Exactamente como o son os seus rivais e compinches no poder na rexión. Porque no que respecta a impor o terror en nome do Islam puro e duro, os soberanos de Arabia Saudita entenden diso, sen que polo que eu saiba ningún "demócrata" notorio teña existido nunca que unha forza de B-52 fose a esnaquízalos. Suponse, así pois, firmemente que hai, para estes demócratas, "terrorismo islámico" e "terrorismo islámico". O primeiro, sostido polos Estados Unidos, e entón, loxicamente, amigo das "nosas sociedades", debe ser, senón admirado, polo menos tolerado. Ollemos para outro lado e sigamos adiante. O segundo, o que nos seus retortos cálculos vén a bourar en "nos": que se estigmatice e que se aniquile coas bombas. Do que se trata, á fin, é de saber onde vos situades exactamente desde o punto de vista do acceso ao petróleo.

De pasada suñímolos a virtude profética de Wagner, cando representa na súa *Tetralogía* a maldición vencellada ao ouro do Rin. Nefeito é unha das grandes maldicións modernas ter no subsolo o equivalente dese ouro. Os diamantes de África do Sul, o estaño de Bolivia, as pedras preciosas do Congo ou de Sierra Leona, o petróleo de Medio Oriente ou de Angola: tantas rexións ou países pasados a sangue e fogo, obxectivo de cálculos cínicos e rapaces, porque a xestión planetaria dos seus recursos mineiros se lles escapa necesariamente. Deses desastres arrepiantes, mencionémolo de pasada, semella que as "nosas sociedades", as nosas paradigmáticas "democracias", non tiran, en canto ao que lles concerne, a menor consecuencia. En todo caso parece que Ben Laden, se como o deus Wotan fala extensamente, e de xeito un tanto chafalleiro, de destino e de relixión, ten interés máis ben en saber como apoderarse do ouro negro e suceder deste xeito á colección de Nibelungos que son as monarquías petroleras do Golfo. ♦

Estampa de danzante, detalle do cofre do conxunto gravado de Fulanito, publicado en *La Gran Enciclopedia Gallega y Asturiana*.

A instrumentalización política da relixión

E de grande importancia salienta que a instrumentalización política da relixión foi á súa vez constantemente posta en práctica polos Estados Unidos mesmos. É unha das grandes invariantes da súa política durante decenios. Por medio á influencia soviética, combateron todo aquilo que se parece de perto ou de lonxe a unha política laica no mundo árabe. Ben fose Nasser en Exipto, ou o Baas en Irak ou en Siria, non deixaron de crearlles problemas cada vez máis graves, apoiando en contrapartida sen desfalecemento aos fanáticos retrógrados de Arabia Saudita, de Kuwait e do Pakistán. En Indonesia, foron cómplices na erradicación dun réxime progresista e dignamente tercermundista, alentando a unha noite de San Bartolomeu de comunistas, ou de supostos comunistas, que causou medio millón de mortos. En Palestina, todo o mundo sabe que o desenvolvemento de Hamas foi considerado ao comezo algo excelente polos servizos secretos israelitas, contra a hexemonía de Al-Fatah cuxa consigna era, lembremolo, unha Palestina laica e democrática, e que contaba nas súas fileiras con numerosos cristianos. En fin, os Talibán mesmos son unha criatura xunta de paquistáns e estadounidense, para oporse a


toda chegada ao poder en Kabul de potenciais aliados ben dos rusos, ben dos chineses, ben dos iranianos. O conxunto destas manobras descalifica o predicado "islámico" como pertinente cando se trata de designar aos inimigos "terroristas" de Estados Unidos. Reparemos no estatuto singular daquilo que se pode chamar a instrumentalización dunha instrumentación. Certas camarillas de políticos instrumentan, no Medio Oriente ou en calquera outra parte, a relixión co alvo de servir aos seus proxectos (con efecto: para apropiarse do poder en troques doutras camarillas envellecidas ou desacreditadas). Os gobernos de Estados Unidos intentan regularmente instrumentar esta instrumentación, con vistas a manter o control desta ou daquela situación. Mais a instrumentalización dunha instrumentación é un mecanismo delicado. Está exposta a brutais desviacións. Deste modo, os Estados Unidos (e os franceses, moi activos entón) instrumentaron a Saddam Hussein, que instrumentaba a oposición entre sunitas e chiitas contra o seu veciño iraníano. O alvo dos "Occidentais" era crear o espinazo da revolución iraníana, o alvo de Saddam Hussein, constituíuse en grande potencia rexional. O resultado: un-

ha guerra aterradora, semellante á de 1914-1918, centos de milleiros de mortos, o réxime iraníano consolidado e Saddam convertido en algo incontrolábel, e logo un inimigo "terrorista". Téndose reproducido a mesma historia cos Talibán, se lles propoñerá aos Estados como máxima: "Só instrumentedes a instrumentación con prudencia." Sobre todo a da relixión, mercadoría subxectiva, pouco manipulábel por políticos retortos e crueis.

En realidade, o predicado "islamista" disimula operacións políticas estatais -polo xeral pouco gorentosas, e que é moi importante non facer de dominio público- detrás de categorías "culturais" das que se poden activar a pracer os recursos subxectivos. Por milleiros de razóns, é moi doado despertar, en Francia, unha especie de celo antiárabe, tanto na forma vulgar e postcolonial que lle dá a extrema dereita, como na forma máis histórica e "ética" que lle dá a pequena burguesía intelectual, feminista ou sionista. Deste xeito verase a unhas felicitarse de que se bombardeá Kabul para "liberar ás mulleres afganas", a outro dicir que despois de todo Israel vai tirar beneficios da situación, mentres que o terceiro pensará que un masacre de "mouros do demo" sempre está ben

que se faga. Todo iso non ten estrictamente nada que ver co crime de New York, nin coas súas causas, nin coa súa forma, nin cos seus efectos reais. Mais todo iso, validando o sintagma "terrorismo islámico", reúne entusiasmos variados tras a bandeira da cruzada vengativa, e sobre todo inercias innomeabeis.

A lección filosófica é entón a seguinte: cando está afectado por unha substancia formal (como sucede con toda derivación substantiva dun adxectivo formal), un predicado non ten outra consistencia que a de dar un contido aparente á forma. A miña certidume é que, en "terrorismo islámico", o predicado "islámico" non ten ningún outro contido que o de dar un contido aparente á palabra "terrorismo", este mesmo vacío de todo contido (político, nesta ocasión). Trátase dunha historización artificial, que deixa o que realmente pasou (o crime de New York) no impensado. O que non proíbe, senón que ordea, que neste impensado se orixine, en nome do termo inconsistente que o designa (o "terrorismo islámico"), unha especie de historia enganosa, en *trompe-l'oeil*, do período que se abre. ♦



RÉPLICA A J.M. BROHM

Deporte, perspectivas dun concepto moderno

XURXO GONZÁLEZ LEDO

Recentemente J.M Brohm facía neste mesmo xornal unhas afirmacións respecto o deporte que non pasan inadvertidas (ANT, nº 1029): “o deporte é antidemocrático”, “o deporte é a dominación política do corpo controlado polo capitalismo”, “ten funcións ideolóxicas como o efecto propagandista do prestixio ou o efecto narcótico que oculta a realidade sociopolítica...”, “é racista porque executa unha clasificación xerárquica entre homes e mulleres, vellos e novos, válidos ou non...”, “o deporte é unha ideoloxía reaccionaria na que non hai lugar para as mulleres, é un mundo tremendamente machista”, “o deporte non é cultura senón anti-cultura...”, “o deporte prepara para o populismo”.

É certo que existe dentro do sistema unha utilización do deporte como elemento manipulador, que utilizan tanto gobernos

‘Cabería preguntarlle a Brohm qué acontece no seu ámbito de traballo: na universidade, cómo se accede as prazas de catedrático, por exemplo’

de dereitas como de esquerdas, non axustada aos seus principios; pero non é menos certo que isto non se debe ao deporte senón as persoas e poderes que utilizan o deporte como medio para conquistar os seus fins.

O que parece esquecer Brohm é que o concepto de deporte é polisémico e non responde a un só criterio. Esquece asimismo que o capitalismo utiliza os medios que estima oportuno para realimentarse, e o deporte pode ser utilizado, pero non debemos confundir a utilización que se fai, cos fundamentos da práctica deportiva, e ao mesmo tempo sentarnos nunha cadeira de intelectual e ditar leccións maxistras pouco cercanas a realidade cotiá e a sustancia das persoas como seres lúdicos.

Podemos asimismo, para clarear o significado do deporte, afirmar que un rapaz/a de oito

anos non practica o deporte dunha persoa de vintedous. Cadanseu ten uns obxectivos e unha percepción. A mesma persoa de vintedous pode xogar unha “pachanga” á semana, fronte aquel futbolista, ou deportista de elite, que entrena, xoga e vive o deporte de forma profesional.

No deporte de elite, efectivamente faise unha clasificación excluínte por razón de mellor e peor dotado. Cabería preguntarlle a Brohm qué acontece no seu ámbito de traballo: na universidade, cómo se accede as prazas de catedrático, por exemplo.

No sistema democrático faise unha elección previa carreira electoral, onde uns quedan excluídos ante outros con mellores resultados. Nunha empresa construtora os arquitectos desempeñan unha función namentres os obreiros fan outra, facéndose unha selección por coñece-

mentos e capacidades.

Poderíamos continuar describindo situacións que son moi similares ás subliñadas por Brohm para o deporte e percorreríamos un longo camiño. Poderíamos, efectivamente, descalificar o deporte e atopar múltiples elementos negativos. Todo se pode criticar pero é comente reflectir asimesmo os aspectos positivos.


Os rapaces e rapazas que deciden xuntarse e facer equipos para xogar a calquer deporte, ou mesmamente os “veteranos” de fin de semana, exercen de xogadores que pasan o tempo cunha actividade gratificante, desprovista de interés mercantil ou clasificador.

Lóxicamente na formación de grupos existe unha identificación por pertenza, formas parte dun colectivo que pode ser pechado ou aberto, pero non polo seu carácter deportivo, senón pola propia idea dos seus compoñentes. Un grupo de persoas con ideoloxía fascista, poden practicar deporte ou organizar unha tertulia literaria. Os seus intereses matizarán o seu desenvolvemento, pero non poden transformar a esencia. Os habitantes dun edificio poden pintalo, arranxar as portas deterioradas, pero non poden sacar as columnas para poñer outras.

O deporte profesional atópase no ático do edificio, dalle pouco o sol porque é interior e ten problemas de humidade, iso sí, é moi vistoso. Os outros pisos do deporte son exteriores pero menos vistosos. Os dirixentes son moi parecidos en todos os ámbitos, e non ten porque ser doutra maneira no deporte, pero os practicantes fan seu o xogo, interpretano, modifícano e tamén o abandonan ao seu antollo.

O incomedo do deporte pode ser a búsqueda de obxectivos sen importar os métodos empregados. Unha competición desmesurada, onde o fin está por riba dos practicantes, facendo exclusións por mor da cobiza de gañar. É aquí onde é preciso incidir cunha educación que non é exclusiva do deporte senón de calquer orden da vida.

Poñer calificativos, buscar e atopar defectos e incomedos é bastante doado, como é doado pisar o acelerador do coche, pero si pisamos demasiado corremos o perigo de atropellar a alguén ou saírmos da calzada. ♦



Martín Sarmiento
Francisco Carballo
COLECCIÓN ESENCIAS



Sarmiento
Pepe Carreiro
COLECCIÓN
PROTAGONISTAS DA HISTORIA



Os Ilustrados
F. Carballo - Pepe Carreiro
COLECCIÓN
A NOSA HISTORIA INFANTIL

